

Lei 8/1992, do 24 de xullo, pola que se modifica o artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, sobre a obrigatoriedade de acreditar-lo coñecemento da lingua galega nas probas selectivas para o acceso á función pública de Galicia.

Última versión

Modificacións

- Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo.
Derogada por disposición derogatoria apartado 3.

O artigo 5.1 do Estatuto de autonomía de Galicia afirma que a lingua propia de Galicia é o galego, engadindo o propio artigo, no seu apartado 2, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar. A normativa exposta establece un réxime de cooficialidade lingüística que rexe no territorio desta Comunidade Autónoma e da que, entre outras consecuencias, se deriva que tanto o galego, como lingua propia de Galicia, coma o castelán, en canto que lingua oficial do Estado, son, ambas, oficiais das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma, tal e como afirma a Lei 3/1983, do Parlamento galego, de normalización lingüística.

Resulta claro, por iso, que a esixencia do coñecemento do galego para o acceso á función pública da Administración da Xunta está de acordo co principio de mérito e capacidade, tal como expresa, entre outras, a sentenza do Tribunal Constitucional do 28 de febreiro de 1991, dictada no recurso de inconstitucionalidade n.º 955/85.

En consecuencia, de acordo co carácter do galego como lingua propia e oficial de Galicia, segundo o Estatuto de autonomía e o artigo 4 da Lei de normalización lingüística, apróbase a seguinte lei.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei pola que se modifica o artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, sobre a obrigatoriedade de acreditar-lo coñecemento da lingua galega nas probas selectivas para o acceso á función pública de Galicia.

Artigo único



Modifícase o artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, de acordo co seguinte texto:

«Artigo 33

Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego no eido da Administración pública en Galicia e para garanti-lo dereito dos administrados ó uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma e maila promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6.3 da Lei de normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración autonómica terá que demostrarse o coñecemento da lingua galega.»

Disposición derradeira

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e os seus preceptos afectarán a tódalas probas de selección que se convoquen a partir desta data.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 1992

Manuel Fraga Iribarne

Presidente

